

Onte, un viaxeiro deu unha volta sosegada ó perímetro da Igrexa de Santiago de Cangas (ex-colexiata), extrae un caderno da súa mochila e anota con desordenada caligrafía. O templo ten unha nave central con ábside rectangular, e dúas naves laterais con capeliñas adosadas; intúe tamén que o apéndice que leva adosado ó ábside será unha sancristía. Conclúe que se atopa diante dun edificio que non presenta complicación nin confusión espacial, onde o seu exterior coincide coa disposición interior.

Dentro comproba que o seu razoamento é correcto, e tomando un díptico explicativo do buzón informativo lee: A igrexa de Santiago de Cangas é declarada colexiata dende o ano 1.542, cando a vila xa tiña máis de 800 almas; lógrase gracias os bos oficios dun moderno cura, D. Andrés de Ortega i Cerezo que á sazón era rector de Santa María de Darbo.

En 1565, derríbase e amplíase o templo seguindo os planos e deseño do mestre arquitecto Pero Fernández.

En 1585 o mestre-canteiro Jácome Fernández diseña e fai a fachada renacentista, - nos libros de arte e nas aulas universitarias seguen atribuíndo esta espléndida fachada a Mateo López.

A igrexa e fachada foi sufragada polos veciños, Rexemento (Concello) e Xustiza da Vila de Cangas; debido a esta circunstancia, teñen o dereito de sepultura na igrexa, sen necesidade de pagar nin facer doazón algunha...

O viaxeiro dá un dadivoso regalo ós seus membros e séntase mentres observa e analiza. Polo seu lado pasa un tropel de turistas semidesnudos, que tentan de fotografar dereito o que ven torcido.

Cinco pares de columnas dóricas dividen o interior en sentido lonxitudinal e transversal, e únense mediante arcos de medio punto e apuntados. No teito hai bóvedas de crucería cuadripartitas, algunhas con terceletes e no presbiterio unha espléndida bóveda de estrela.

No templo triunfa o eixe lonxitudinal que vai dende o gradavento da porta principal ata o retablo que hai no fondo do presbiterio, habendo así unha continuidade espacial que fusiona nave e presbiterio nunha soa unidade, xa que o arco triunfal que normalmente separa a nave central, do presbiterio, o ser tan alto e ter moi pouco grosor, non supón obstáculo murado nin tropeazón óptica quedando relegado este arco ó papel de moldura ornamental.

Dáse tamén un predominio das columnas como elemento sustentante sobre a parede. Estas xeran a forza suficiente para soste as bóvedas e absorber o seu movemento descendente que corre polos nervios das crucerías; a veces este movemento métese nas paredes a través das impostas ou esparrase polo chan como ocorre no presbiterio.

Os muros cumpren a función de cerrar e crear espazos auxiliares, posto que só teñen unha presenza fundamental nas capeliñas laterais: no resto do templo quedan difuminados

en medio de discontinuidades como portas, altares, balaustradas ou ocultos tras os tres grandes retablos.

Novas preguntas agólpanse de súpeto no viaxeiro

¿Que ideoloxía transmite o edificio? ¿Como é o espacio escénico? ¿A luz que función cumpre?.

¡Eh señor! saia pola porta lateral, imos cerrar que hoxe non hai rosario.

(Publicado en “Festas de Cangas”. Cangas, 1992)